



Estrada Matamá-Pazo, 104. Santo André de Comesaña. 36213-VIGO. ☎ -886 120 222 / FAX – 886 120 223
Correo electrónico: ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es

Benqueridas familias.

Agardando que todos e todas esteades ben, parécenos importante compartir con vós as inquiredanzas, xunto coa información que temos. A día de hoxe podemos dicir:

- 1.A situación sanitaria obriga a seguir co estado de alarma.
- 2.O curso non se prolongará máis alá do 20 de xuño, tal e como estaba previsto.
- 3.Os alumnos que carezan de medios a nivel dixital, de material, etc., poderán poñerse en contacto co centro para buscar algunha solución.
- 4.Durante o 3º trimestre continuaremos coas actividades que permitan aos alumnos seguir coa súa aprendizaxe. Faranse actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación, na medida do posible, sempre titorizadas e adaptando ás programacións á situación actual. Adaptaremos o traballo para evitar sobrecarga e teremos en conta as necesidades do alumnado.
- 5.Adaptaremos o sistema de avaliación, co obxectivo de que os alumnos e alumnas non perdan o curso, poidan continuar coa súa formación, sempre tendo en conta todas as avaliacións e prevalecendo a avaliación continua.
- 6.Neste 3º trimestre, valoraremos o traballo realizado polo alumnado nas casas. Haberá dous tipos de tarefas:
 - As que indique cada titor ou especialista tedes que envialas aos seus correos electrónicos para corrixilas e telas en conta na avaliación. Si tedes dificultade para realizar o envío poñédevos en contacto co centro e vos axudamos.
 - Outras actividades, que enviarán os Mestres ao remate da semana as solucións e teredes que corrixilas vós.

Todas as dúbidas as faredes chegar aos titores/as por correo electrónico e eles as resolverán.

7.Poderedes recibir chamadas con número oculto das titoras/or para facer titorías ou resolver dúbidas. Por favor, collede o teléfono neses casos.

Pola nosa parte, insistir en que estamos a vosa disposición para axudarvos SEMPRE. O teléfono do centro está operativo durante todo o día (886120222) e o correo electrónico tamén:

ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es

Vigo, a 20 de abril do 2020.

Coidádevos moito.

Asinado: A Dirección